

## ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 26 DE MARZO DO 2007.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinteseis de marzo de dous mil sete; as doce e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Dona Manuela Iglesias Collarte, Dona Luísa del Carmen Escudero Centron e Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente o Secretario-Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 19 de Marzo do dous mil sete (Ordinaria).

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

#### **LICENZAS OBRAS MAIORES.-**

“Vistas a peticións de licencias de obras que a continuación se expoñen e vistos os informes obrantes no expediente (técnico e xurídico), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda a concesión das licencias de obras que se indican con arranxo ás seguintes:

#### **1.- Condicións xerais:**

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida.

Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

**Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.**

Caducidade: A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado. No obstante, transcorridos tres anos desde o outorgamento da licenza sen que se iniciasen as obras entenderase caducada automaticamente por ministerio da lei e non se poderán iniciar as obras sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

## **EXPTE. Nº: RIB/N/17.2/05**

**A JOSE VAZQUEZ PORTOMEÑE, Secretario Xeral da Consellería de Traballo,** con domicilio no edf. Administrativo San Lázaro s/n, Santiago de Compostela, para levar a cabo as obras de Acondicionamento de Local para Oficina de Emprego no inmobile sito na rúa Ribeiro nº 13, baixo, que se realizarán segundo o proxecto básico e de execución redactado polos Arquitectos D. Angel Cid Carballo, Don José Jorge Santos Ogando e Don José Antonio Parga Garcia.

### **2.- Condicións particulares:**

**Finalidade da actuación e uso ó que se destinará:** Acondicionamento de Local para Oficina de Emprego.

**Contía na que se orzan as obras:** 169.951,56 euros.

**Situación e emprazamento das obras:** Rúa Ribeiro nº 13, baixo.

**Redactor do proxecto e dirección execución material das obras:** D. Angel Cid Carballo, Don José Jorge Santos Ogando e Don José Antonio Parga Garcia.

**Nome ou razón social do promotor:** Consellería de Traballo..

**Prazos:** O prazo de inicio das obras é dun (1) mes e o prazo de remate dun (1) ano, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión de licencia de obras.

**Liquidación do ICIO:** A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Visto o orzamento estimado que figura no proxecto e que ascende a 169.951,56 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, intalacións e obras, por importe de 4.418,74 euros.

**Outras condicións:** As obras deberán axustarse o proxecto e documentación anexa aportada o expediente. Antes do inicio das obras deberá presentarse oficio de Dirección do Técnico director das mesmas e Coordinadores de Seguridade e Saúde. Consta informe da Comisión de Seguimento do P.E.P.R.I..

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.**

#### **ACOMETIDAS DE AUGA.-**

“Visto o escrito presentado por **doña Maria Teresa Pérez Garcia**, con domicilio na rúa Merelles Caula nº 5, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmoible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

“Visto o escrito presentado por **don Camilo Rodríguez Alonso**, con domicilio na rúa Extramuros, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmoible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

“Visto o escrito presentado por **don José Manuel Pérez Vázquez**, con domicilio na rúa Rodríguez Moure núm. 10, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o inmoible sito Camiño da Barca s/n, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

“Visto o escrito presentado por **doña Ana Isabel Celeiro Fernández**, con domicilio na rúa Carlos Casares nº 2, 1ºB, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmoible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso industrial, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo”.

#### **CUALIFICACIÓNS DEFINITIVAS**

“Visto o expediente a nome de **Don Felipe Touza Rodríguez**, con domicilio na rúa Avda. da Hispanidade nº 72, 5ºC, Vigo, relativo a subvención para actuacións na area de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, no inmovible sito na rúa Rodríguez Moure nº 7, 1º, desta vila, a Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación a certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Fomento por importe de 4.000 euros e da Consellería de Vivenda por importe de 4.000 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

“Visto o expediente a nome de **Dona Josefa Touza Rodríguez**, con domicilio na rúa Xilgaro nº 14, 8ºB, Vigo, relativo a subvención para actuacións na area de rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, no inmovible sito na rúa Rodríguez Moure nº 7, 2º, desta vila, a Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación a certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Fomento por importe de 3.755,87 euros e da Consellería de Vivenda por importe de 3.755,87 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.”

#### **CEMITERIOS.-**

“Visto o escrito de Don Rogelio Rodríguez e Dona Cándida Martínez, con domicilio na estrada de Filgueira nº 87, Francelos, no que interesa o cambio de titularidade da sepultura terrena nº 117T do cementerio municipal que ata agora estaba a nome de Dona Cándida González Martínez, e que no sucesivo se lle xiren os recibos correspondentes o seu nome, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, tendo en conta a documentación obrante no expediente, acorda acceder ó solicitado, polo que a partir de presente data a devandita sepultura xirará a nome de Don Rogelio Rodríguez e Dona Cándida Martínez, agora ben, este cambio de titularidade non suporá nunca dereito de propiedade de ningún tipo sobre a sepultura en cuestión”.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

- “Contrato de Cesión do dereito de uso dunha biotrituradora para un programa piloto de compostaxe doméstica no Concello de Ribadavia”.

- “Da Confederación Hidrográfica do Norte, expediente de autorización para navegación dunha embarcación a motor (catamarán) no embalse de Frieira-río Miño, nos términos municipais de Cortegada, Pontedeiva, Padrenda, Arnoia, Ribadavia e Melón, a empresa Actividades Culturais e Turísticas de Arnoia S.L.”.

-“Da Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, inclusión o Concello de Ribadavia no programa “Cultura e Familia”.”

-“Da Deputación Provincial de Ourense, comunicando altas no servizo de teleasistencia domiciliaria”.

-“Da Dirección Xeral de Administración Local, relativo a Convenio de Colaboración para levar a cabo o proxecto denominado “ Proxecto Nacional de Referenciación Geográfica Municipal”.

-“Da Mancomunidade de Concellos do Ribeiro, Recurso de reposición contra acordo do Pleno deste Concello, sesión ordinaria celebrada o pasado 22 de febreiro, sobre acordo de compensación de débedas”.

## **5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

### **PETICION DE SUBVENCIONS.-**

“Vista a Resolución do 27 de Febreiro de 2007 pola que se regula a concesión en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a Concellos, mancomunidades de Concellos e consorcios locais para a realización de programas destinados a favorecer os procesos de acollida da poboación retornada e inmigrante na Comunidade Autónoma galega, publicada no DOGA nº 46, de 6 de marzo de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Solicitar a devandita subvención de acordo e nas contías solicitadas no programa obrante na solicitude.

Segundo.- Comunicar o presente acordo a Secretaría Xeral de Emigración.”

“Vista a Orde do 16 de febreiro de 2007 pola que se anuncian axudas económicas destinadas a subvencionar a realización de obras de construción, adaptación, mellora e equipamentos das sedes das entidades locais, publicada no DOGA nº 38, de 22 de febreiro de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Solicitar a devandita subvención.

Segundo:- Prestar aprobación as obras ou actuacións que se van a realizar de acordo coa memoria obrante no expediente e aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na presente Orde.

Terceiro.- Comunicar o presente acordo a Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza.”

“Vista a Orde do 31 de xaneiro de 2007 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento de emprego a través dos programas de cooperación, no ámbito de colaboración coas entidades locais e cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades san ánimo de lucro, publicada no DOGA nº 40, de 26 de febreiro de 2007.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Solicitar a devandita subvención.

Segundo.- Prestar aprobación o proxecto para o que se solicita a subvención de acordo coa memoria obrante no expediente e aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na presente Orde.

Terceiro.- Comunicar o presente acordo a Consellería de Traballo.”

#### **APROBACION DE CONTRATO.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o contrato de asistencia técnica asinado con Don Alberto Fernández Vázquez, para a realización das funcións de mantemento, conservación e limpeza da área recreativa da Vëronza e restantes zonas verdes existentes no Concello.”

### **"BASES PARA A CONTRATACION DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, PROGRAMA EQUAL AVIA CREA FUTURO E INTERREG III A (ENOTURISMO)".-**

#### **1.- OBXECTO.-**

E a regulación do trámite de contratación de persoal temporal deste Concello do seguinte posto:

##### **A) TECNICO LOCAL DE EMPREGO. PROGRAMA INTERREG-**

PRIMEIRO.- Denominación do Posto: Técnico Local de Emprego do programa Comunitario Interreg III A (Enoturismo). Especialidade: Desenvolvemento Turístico.

SEGUNDO.- Número de postos que se convocan: 1.

TERCEIRO.- Clase de Contrato: De obra ou Servicio Determinado a tempo completo.

CUARTO.- Duración do Contrato: Finalización Programa Interreg III A (Enoturismo).

##### **B) TECNICO LOCAL DE EMPREGO-OMIX.-**

PRIMEIRO.- Denominación do Posto: Técnico Local de Emprego do Programa Equal “Avia Crea Futuro”-OMIX..

SEGUNDO.- Número de postos que se convocan: 1.

TERCEIRO.- Clase de Contrato: De obra ou Servicio Determinado a tempo completo.

CUARTO.- Duración do Contrato: Finalización Programa Equal "Avia Crea Futuro".

## **2.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.**

Para participar na selección será preciso cumprir-los seguintes requisitos específicos:

1.- Posuí-la nacionalidade española ou a dun Estado membro da Unión Europea ou do espacio económico europeo, u obستا-lo dereito á libre circulación de traballadores conforme ó Tratado da Unión Europea.

2.- Ter cumpridos 18 anos, salvo que a normativa ou subvención dispoña outra cousa.

3.- Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvendo das correspondentes funcións.

4.- Non estar separado do servicio de ningunha Administración Pública por expediente disciplinario, nin inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas

5.- Posuí-la titulación esixida par acceder á praza convocada:

a) Técnico Local de Emprego. Interreg: Licenciatura.

b) Técnico Local de Emprego-Omix: Licenciatura..

Os requisitos deberán cumprirse na data na que remate o prazo de presentación das instancias e que estean debidamente xustificadas.

## **3.- SISTEMA DE SELECCION.**

A selección realizarase mediante o sistema de concurso no que se valorarán os méritos presentados polos aspirantes de conformidade co recollido nestas bases as cales serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello.

## **4.- DOCUMENTACION E PRAZO PARA A PRESENTACION DAS SOLICITUDES.**

As solicitudes formalizaranse nas instancias que se adxuntan a estas bases e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concelo ou remitilas por calqueira dos medios previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de Novembro, no prazo de sete días naturais, comenzando a computarse dito prazo a partir do días seguinte ó da publicación do anuncio nun diario de difusión provincial, achegándose a seguinte documentación:

- Copia cotexada do D.N.I. ou documento que proceda para os extranxeiros.

- Copia cotexada da titulación académica, así como dos títulos, carnés ou certificacións profesionais que se esixan.

- Documentos acreditativos dos periodos de inscrición como demandante de emprego na oficina pública de emprego, así como informe da vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social ou certificación negativa da vida laboral.

- Declaración de non estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño do posto de traballo.

- Relación de méritos que alega e documentación xustificativa e cotexada de cada un deles.

En ningún caso, se admitirán nin se valorarán os méritos non xustificados, ou presentados unha vez rematado o prazo de entrega de solicitudes.

## **5.- BAREMO DE MERITOS.**

O baremo aplicado na valoración de méritos xerais será o seguinte:

### 1.- Circunstancias persoais.-

- Por cada ano de residencia neste Concello (acreditado por un certificado de empadramento da unidade familiar): 0,20 puntos, ata un máximo de 1 punto.

- Por cada mes acreditado como desempregado/a, por medio do documento acreditativo dos períodos de inscrición como demandante de emprego: 0,02 puntos, ata un máximo de 1 punto.

- Por cada fillo ó seu cargo, menor de 25 anos, sen ingresos, que conviva no domicilio do solicitante 0,20 puntos con un máximo de 0,60 puntos (Acreditado por un certificado de empadramento da unidade familiar)

- Por cada fillo ó seu cargo, maior de 25 anos, sen ingresos, que conviva no domicilio do solicitante 0,10 puntos con un máximo de 0,30 puntos (Acreditado por un certificado de empadramento da unidade familiar)

- Por servicios voluntarios prestados á Comunidade a traves de organizacións, fundacións ou institucións recoñecidas oficialmente: 0,05 puntos/mes, ata un máximo de 0,10 puntos.

### 2.- Experiencia profesional.-

- Por servicios prestados no Concello de Ribadavia na mesma categoría á que se opta: 0,05 puntos/mes, ata un máximo de 0,25 puntos.

- Por servicios prestados noutras Administracións Públicas na mesma categoría á que se opta: 0,05 puntos/mes, ata un máximo de 0,25 puntos.

- Por servicios prestados en empresas privadas na mesma categoría á que se opta: 0,05 puntos/mes, ata un máximo de 0,25 puntos.

- Por prácticas profesionais relacionadas coa actividade: 0,05 puntos/mes, ata un máximo de 0,25 puntos.

- Por experiencia profesional en posto similar o ofertado: 1 punto/ano, ata un máximo de 3 puntos.

### 3.- Formación especializada.-

a) Por cada curso de formación, perfeccionamiento ou xornadas impartidas polas Administracións Públicas, Universidades, Oficinas de Emprego, Formación Ocupacional ou Continua e demás centros oficiais, relacionados coas funcións propias da categoría, ata un máximo de 2 puntos, baremado do seguinte modo:

- Cursos de ata 30 horas: 0,10 puntos/curso, ata un máximo de 0,40 puntos
- Cursos de ata 100 horas: 0,15 puntos/curso, ata un máximo de 0,60 puntos
- Cursos de mais de 100 horas: 0,20 puntos/curso, ata un máximo de 0,80 puntos
- Por xornadas: 0,05 puntos/xornada, ata un máximo de 0,20 puntos.

Tódolos cursos e xornadas realizados teñen que estar directamente relacionados coas funcións que se desenvolven.

b) Por masters ou cursos de postgrao relacionado co posto a desenvolver (Fondos Comunitarios, Xestión de desenrolo Local, Enoturismo, etc...), ata un máximo de 5 puntos, baremado o seguinte modo:

- Masters ou curso de postgrao ata 400 h, 2 puntos.
- Masters ou curso de postgrao de máis de 400 h, 3 puntos.

#### 4.- Titulación:

Por titulación para o desempeño do posto:

1. Por titulación académica.

Por titulación superior a esixida na convocatoria, valorarase con 0,5 puntos.

2. Polo recoñecemento acreditado do idioma galego (só se valorará o grao superior alegado):

- Curso de iniciación ó galego: 0,20 puntos
- Curso de perfeccionamento: 0,30 puntos
- Curso de especialización: 0,50 puntos

3. Polo recoñecemento acreditado do idioma ingles (titulación recoñecidas oficialmente), valorarase de 0 a 1 punto.

#### **6.- PROBAS TEORICAS-PRACTICAS.-**

Para poder acceder a fase de concurso será necesario obter como mínimo o 40% dos puntos establecidos nas probas que se describen a continuación. As persoas que non conquiran dita puntuación serán eliminados.

##### A) TECNICO LOCAL DE EMPREGO. INTERREG.-

1.-Realización dunha proba teórica sobre cuestións relacionadas co posto de traballo ofertado, valorarase de 0 a 5 puntos.

2.- Entrevista sobre os cometidos do posto, valorarase de 0 a 1 punto.

##### B) TECNICO LOCAL DE EMPREGO.-

1.- Coñecemento do idioma ingles (oral e escrito), valorarase, de 0 a 5 puntos.

2.- Realización dunha proba teórica sobre cuestións relacionadas co posto de traballo ofertado, valorarase de 0 a 5 puntos.

3.- Entrevista sobre os cometidos do posto, valorarase de 0 a 1 punto.

## **7.- TRIBUNAL CALIFICADOR.-**

O Tribunal que terá como función a valoración dos méritos alegados polos aspirantes, estará integrado polos seguintes membros:

PRESIDENTE: O Alcalde ou persona en quen delegue

SECRETARIO: O Secretario do Concello ou funcionario no que delegue.

VOCAIS:

- Un concelleiro de cada grupo municipal designado polo seu voceiro.
- Un funcionario ou persoal laboral do Concello.-
- Un delegado de persoal do Concello.

O Tribunal non poderá actuar ou constituirse sen a presenza da maioría dos seus membros, sendo imprescindible, en todo caso, a asistencia do presidente e do secretario.

O Tribunal poderá nomear asesores, con voz pero sen voto, sempre que se estimen necesarios para a adecuada calificación dalgunha proba.

O Tribunal actuará con suxección ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

## **8.- PROCEDIMIENTO DE SELECCION.**

O Tribunal valorará a documentación presentada de acordo co baremo de méritos xerais que figuran nas presentes bases.

Por resolución da Alcaldía aprobarse a lista de admitidos e excluídos ó concurso, que se fixara no Tableiro de anuncios do Concello de Ribadavia, concedéndose un prazo de dous días hábiles para reclamacións subsanacións de erros ou aportación de documentación complementaria.

O cuarto día natural (ou o posterior hábil seguinte para o caso de tratarse dun festivo), a contar dende que se puxo no taboleiro a lista de admitidos, reunirse o Tribunal para a valoración dos méritos e das probas, publicándose no taboleiro de anuncios as puntuacións obtidas polos aspirantes que fosen declarados seleccionados.

O Tribunal formulará proposta de contratación en número que non exceda das prazas a cubrir, sen prexuízo de deixalas desertas, así como que nas bases específicas se poida propoñer formar unha bolsa de traballo así coma o período de duración da mesma cos aspirantes non seleccionados.

## 9.- NOMEAMENTO E FORMALIZACION DE CONTRATOS.

A proposta do Tribunal someterase á Alcaldía para a decisión que proceda.

O acordo que adopte a Alcaldía será publicado no taboleiro de anuncios do Concello, para coñecemento de tódolos aspirantes, que poderán interpoñer os recursos previstos na vixente lexislación.

Os contratos serán formalizados polo Sr. Alcalde.

### ANEXO 1º

#### MODELO DE INSTANCIA

D/a .....  
provisto/a de D.N.I. nº ..... con enderezo na rua.....  
nº.... piso..... C.Postal..... Localidade..... Municipio..... Provincia..... Teléfono.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Ribadavia para a contratación en réxime laboral e por tempo definido e determinado de..... posto/s para.....

#### DECLARO:

- 1º.- Que conozo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.
- 2º.- Solicito ser admitido/a ó referido concurso-oposición, e comprometéndome a someterme ás bases que o regulan.

Ribadavia, a..... de ..... de 2007.

### ANEXO II

#### DECLARACION RESPONSABLE.

D/a ..... provisto de D.N.I. nº....., con enderezo na rúa..... núm.....  
piso..... C.P..... Localidade..... Municipio..... Provincia..... Teléfono.....

#### DECLARO:

Que non estou incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño do posto de traballo e que acreditarei fehacientemente se o Concello o require.

Ribadavia,..... de..... 2007".

## 6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo a unha e media do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.